

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	IES A Guía	Vigo	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	6
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	11
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	14
o) Outros apartados	15

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Cursos impares (LOMLOE)

A ESO contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan (artigo 6 do DECRETO 157/2022):

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación, e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza entre sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoña discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo de comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de maneira adecuada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e a súa mellora.
- m) Apreciar a crecemento artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio linguístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, practicar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- ñ) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan (artigo 7 do DECRETO 157/2022):

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade,

enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

CURSOS PARES (LOMCE)

A ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre

as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitir a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitir os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexear a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófonas.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan (artigo 26 do DECRETO 86/2015):

a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenten a corresponsabilidade. na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión e crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para a eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita a lingua galega e castelá

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elegida

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria. así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

FORMACIÓN PROFESIONAL

No referido as ensinanzas de formación profesional do noso centro, teñen como obxectivos xerais os recollidos no Decreto 114/2010, do 1 de xullo, que teñen por obxecto conseguir que os alumnos e as alumnas adquiren as capacidades que lles permitan:

a) Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.

b) Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.

c) Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.

d) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

e) Traballar en condicións de seguridade e saúde, e previr os posibles riscos derivados do traballo.

f) Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos

procesos produtivos e ao cambio social.

g) Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais.

h) Lograr as competencias relacionadas coas áreas prioritarias referidas na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

i) Facer realidade a formación ao longo da vida e utilizar as oportunidades de aprendizaxe a través de distintas vías formativas para manter a actualización nos ámbitos social, persoal, cultural e laboral, conforme as súas expectativas, as súas necesidades e os seus intereses.

b) A contribución á adquisición das competencias

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

A ESO e o BACHARELATO teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Deben, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para o seu futuro formativo e profesional, e capacitálo para o acceso á educación superior.

Estas competencias, entendidas como desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais son:

Cursos impares(LOMLOE)

- CCL- Competencia en comunicación linguística
- CP- Competencia plurilingüe
- STEM- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría
- CD- Competencia dixital
- CPSAA- Competencia persoal, social, e de aprender a aprender
- CC- Competencia cidadá
- CE- Competencia emprendedora
- CCEC- Competencia en conciencia e expresión culturais

Cursos pares (LOMCE)

- CCL- Competencia lingüística
- CMCCT- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CD- Competencia dixital
- CAA- Aprender a aprender
- CSC- Competencias sociais e cívicas
- CSIEE- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC- Conciencia e expresión culturais

E a súa adquisición permitirá ao alumnado, tal e como se comentou anteriormente, responder aos principais desafíos aos que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

- Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global
- Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando críticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.
- Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como promoción da saúde pública.
- Desenvolver o espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.
- Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.
- Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.
- Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.
- Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de

riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.

- Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

- Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da súa vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

Por conseguinte cada un dos Departamentos incluírá metodoloxías diversas e motivadoras nas que o alumnado traballe cadansúa competencia, isto permitirá a súa avaliación desde cada materia. Finalmente, cada materia contribuirá, en cadanseu estudante, á valoración do grado de adquisición das competencias. Para facelo posible a ponderación que corresponde a cada materia deducirase a partir do peso porcentual establecido polos Departamentos para cada competencia. Unha vez facilitadas as ponderacións que cada Departamento considerou máis adecuadas, elaborouse unha táboa por cada nivel na que figura o perfil competencial do noso centro.

Asimismo, a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para acceder a unha formación que permita calquer tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

Traballaranse nas diferentes materias e módulos a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.

Fomentaranse de xeito transversal a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregaranse unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista nos termos establecidos legalmente.

Por todo isto se fomentará a participación do alumnado en actividades diversas, organizadas polas diferentes materias e módulos, o Departamento de Orientación, Vicedirección, Equipo de Biblioteca e Equipo de Igualdade. Podemos destacar Conferencias ás universidades, Visitas a museos, auditorios, teatros...; festas tradicionais; actividades deportivas; Innovación educativa como o Plan Proxecta, CP Inclúe, CP Innova, EDLG, PLAMBE..., conmemoracións como o 25 N e o día da muller na Ciencia; saídas de concienciación medioambiental para coñecer a contorna do centro, clubs de lectura, Club de Ciencia...

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os principios metodolóxicos que van guiar a nosa proposta son os seguintes:

- Tendo en conta os resultados das avaliacións iniciais realizadas a comezos de curso, ponse especial énfase na Atención á Diversidade do alumnado, na atención individualizada orientada a acadar o máximo desenvolvemento de cada alumno/a e na resposta educativa ás dificultades detectadas tanto nas etapas anteriores(PRIMARIA no caso da ESO), como nas que xorden ao longo do curso (resto dos niveis educativos). O documento que recolle este principio é o Plan de atención á diversidade (PAD)

- Os Departamentos didácticos incluírán un tempo á lectura (HORA DE LER) . Este aspecto queda recollido bo Proxecto Lector do centro.

- A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación serán obxecto de tratamento en todas as materias e módulos. Quedará recollido no Plan Dixital do Centro.

- Favoreceranse as actividades en relación coa contorna do centro, organizándose a través da PXA (ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS). En relación ás estratexias de ensinanza-aprendizaxe con carácter xeral son as que figuran a continuación:

- Reforzar a coordinación entre os Centros Adscritos de Primaria e o IES para coñecer as necesidades previas que presenta o novo alumnado de 1º de ESO.

- Establecer unha colaboración entre o Equipo de profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo,
- Desenvolver unha metodoloxía didáctica fundamentalmente comunicativa, activa e participativa. Tamén se fomentará a creación e o desenvolvemento no alumnado dunha actitude investigadora e crítica.
- Planificar en tódalas materias e módulos actividades que fomenten a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e o manexo das tecnoloxías da información.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O centro terá a disposición de todo o profesorado, Departamentos e materias unha serie de materiais e recursos didácticos que con carácter xeral serán utilizados para a consecución dos obxectivos de cada etapa e a adquisición das competencias clave. As programacións didácticas dos diferentes Departamentos recollen os diferentes recursos e materiais que serán utilizados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, e que serán seleccionados polos Departamentos en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos neste documento e os específicos de cada materia que se recollen nas programacións didácticas,

O centro dispón dos seguintes espazos:

- Edificio principal con tres alturas
- No 1º Andar: Aulas de Debuxo, Aula de Música, Sala de Profesores/as, Aulas de Comercio da 11 á 19, Departamentos de Física e Química Bioloxía e Xeoloxía, Inglés, Galego
- No 2º Andar: Laboratorios de Física, Química e Bioloxía, Departamentos de Comercio, Ed. Física, Matemáticas, Xeografía e Historia, FOL, Filosofía, Aulas de Actividades Físicas e Deportivas, Aulas da 20 a 32
- Na Planta Baixa: Oficinas, Administración, Despachos de Dirección, Xefatura de Estudos, Vicedirección e Secretaría así como Departamento de Orientación, ademais da Conserxería, Salón de Actos, Cafetería e Aulas da 1 ao 8, Biblioteca e Aula de Tecnoloxía
- Exteriores. Pavillón, Salas de Fitness
- Sótano: Sala de Fitness e Vestiarios

Medios dispoñibles:

Dispoñemos de distintos espazos ou aulas onde o alumnado ten ao seu alcance todo o material necesario para garantir a calidade da súa formación. Entre outros:

- O centro conta co proxecto EDIXGAL, polo que todo o alumnado de toda a ESO ten á súa disposición un portátil. Para a utilización do mesmo é preciso unha conformidade por parte das persoas responsables de alumnado mediante un documento de cesión facilitado a través da Coordinadora EDIXGAL.
- Aulas específicas de Música, Plástica
- Laboratorios de Física e Química así como de Bioloxía
- Biblioteca na Planta Baixa integrada no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares
- Salón de actos con capacidade para 105 persoas na Planta Baixa.
- Cafetería en Horario de atención ao público de 9:00 ás 13:00 horas

No tocante aos Recursos Humanos diferentes membros do Claustro realizan tarefas didácticas, organizativas e pedagóxicas que contribúen ao desenvolvemento da actividade docente e a adquisición dos obxectivos de etapa, podemos destacar:

- O Equipo TIC (Plan Dixital)
- O Equipo de Biblioteca (PLAMBE)
- O Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- O Equipo de Igualdade
- O Equipo de Proxectos Europeos

En canto aos Criterios de elección de materiais e recursos didácticos establécense con carácter xeral os seguintes:

1. Os Obxectivos da etapa
2. As situacións educativas concretas de cada materia
3. O nivel de desenvolvemento do alumnado e a súa diversidade
4. A disposición do material e uso
5. A finalidade pedagóxica
6. O Contexto educativo do centro
7. A inclusión de elementos transversales
8. A adecuación aos criterios de acalización establecidos.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do noso centro está constituída polas seguintes ensinanzas:

- ESO. 4 cursos de 1º a 4º
- BACHARELATO. Dúas Modalidades: Modalidade Ciencia e Tecnoloxía e Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais.
- CICLO FORMATIVO DE COMERCIO con GRAO Básico, Ciclo Medio de Actividades Comerciais, Ciclo Superior de Comercio Internacional, Xestión de Ventas e Espazos Comerciais, Marketing e Publicidade. no Réxime ordinario. No réxime para persoas adultas, de oferta completa de Transporte e Loxística e 2º de XVEC a distancia. Temos tres acaiclos completos de réxime de adultos: CS Transporte e Loxística(modalidade presencial e modular), CM Comercialización de Produtos alimentarios(modalidade presencial e dual), CS de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais(modalidade presencial e dual). Temos un 2º curso do CS de Xestión de Ventas e espazos comerciais en réxime de adultos pero modalidade a distancia e modular.
- Convenios FP DUAL: Comercialización de produtos alimentarios co IES MANUEL ANTONIO e Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.
- CICLO FORMATIVO SUPERIOR DE ACONDICIONAMENTO FÍSICO.

Tendo en conta que os centros docentes dispoñemos de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de Maio, e nas NOF, despois das decisións adoptadas na CCP validadas no Claustro, así como tendo en conta as solicitudes do alumnado no proceso de admisión, máis alá das materias ordinarias(troncais, de opción e modalidade, e optativas, específicas ou libre configuración) as materias e itinerarios do presente curso son os seguintes:

Opción relixiosa:

- 1º de ESO. Relixión católica ou Proxecto Competencial
- 2º de ESO: Relixión Católica ou Valores éticos
- 3º de ESO. Relixión Católica ou Proxecto Competencial,
- 4º de ESO: Relixión católica ou Valores éticos
- Bacharelato: Relixión ou Afondamentos

Materias optativas

- 3º de ESO: 2º Lengua Estranxeira, Educación Dixital, Cultura Clásica
- 1º de Bacharelato: Anatomía Aplicada, Antropoloxía, 2º Lengua Estranxeira, Literatura galega do século XX e a actualidade, Linguaxe e Práctica Musical

Materias Específicas

- 4º de ESO:
- 2º de Bachelato

Materias de Libre Configuración

- 2º de ESO: Reforzo en E. Física ou Igualdade de xénero

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Tipos de actividades:

1. Complementarias (en horario escolar, no seu caso, de día completo)

Son aquelas que se realizan dentro do horario lectivo para complementar a actividade habitual da aula. Estas poden ter lugar dentro ou fóra do centro. Para a planificación e aprobación das actividades complementarias establécese o principio de coherencia cos obxectivos propostos para cada etapa, ciclo e nivel e a premisa de inclusión das mesmas dentro das programacións de aula. De forma paralela procúrase a concienciación da Comunidade educativa para que as devanditas actividades formen parte do currículo das distintas áreas, non sendo meras "excursións" ocasionais e descontextualizadas do proceso de ensinanza-aprendizaxe. As actividades complementarias inclúense na Programación Xeral Anual (PXA) que se elabora ao comenzo de curso e válídanse polo Consello Escolar do centro.

2- Extraescolares

Son as encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna a aprocurar a formación integral do alumnado. Realízanse fóra do horario lectivo e buscan a implicación de toda a comunidade educativa.

Organización das Actividades:

1º As Xefaturas dos Departamentos didácticos entregarán á Vicedirección, Xefa de Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares na segunda quincena de setembro, as propostas de actividades Extraescolares e Complementarias incluídas nas Programacións Didácticas dos Departamentos cubrindo un Modelo de Anexo que se facilitará dende dito Departamento.

Para cada unha das actividades propostas, debeb figurar, polo menos, os seguintes datos:

- Denominación da actividade:

- . Descrición da actividade
- . Cursos aos que vai dirixida e número de alumnado para os que está prevista
- . Data aproximada de realización
- . Profesorado responsables da mesma
- . Xustificación curricular da actividade: materias ou módulos cos que garda relación
- . Custo previsto da mesma e/ou necesidades de transporte (se é o caso)

2º Vicedirección remitirá a Dirección as propostas recibidas para a súa inclusión no Plan Anual de Centro (PXA) e deberán ser aprobadas polo Consello Escolar.

3º Posteriormente comunicarse ás Xefaturas de Departamento a aprobación ou non das actividades. Así mesmo, Vicedirección poderá, sempre que o considere necesario, supervisar aquelas actividades que se vaian realizar.

4º As actividades que xurdan posteriormente e non se incluíran nas Programacións Didácticas, requiren a aprobación do Consello Escolar, o que deberá solicitarse a través dunha petición formulada á Dirección do centro, polo menos cun mes de antelación á data da súa realización. Dita petición será asinada pola Xefatura do Departamento que propoña a actividade e incluírá os mesmos datos que se indican para as Programacións Didácticas. O Consello Escolar autorizará só aquelas actividades suficientemente razoadas ou xustificadas.

5º Con carácter xeral, evitarase programar actividades no terceiro trimestre do curso, para os segundos cursos de Bacharelato, e nos 15 días previos ás sesións de avaliación, en todos os niveis.

6º A Vicedirección coordinará o desprazamento ata o lugar de realización, de ser preciso. O custo do transporte por participantes será:

- Concello de Vigo: de balde
- Provincia de Pontevedra: 1 euro por viaxeiro
- Outras provincias dentro de Galicia: 2 euros por viaxeiro

REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

O profesorado responsable da actividade deberá:

- Consensuar co profesorado afectado a data e horario de realización para que non coincida con probas escritas ou calquera actividade programada.

- Entregar un Informe a Vicedirección e unha copia a Xefatura de estudos sobre a actividade a realizar (seguindo a Anexo II que se facilitará para tal fin) así como unha listaxe provisional do alumnado participante cunha antelación mínima de 15 días.

- Informar ós pais/nais ou titores legais do alumnado e solicitar a autorización para a participación dos seus fillos/fillas, segundo o impreso Autorización da familia para a realización de Actividades extraescolares e complementarias.

- Recoller as autorizacións dos responsables legais do alumnado e os cartos que os alumns/as puidesen achegar para a realización da actividade e encargarse da súa custodia. As autorizacións e os cartos recolleranse polo menos con 10 días de antelación e servirán para fixar con Vicedirección a lista definitiva de participantes. Quedará excluído o alumnado que non cumpra estes requisitos. Se na listaxe definitiva non se alcanzara o 50% (do total que asiste regularmente a clase), suspenderase a actividade.

- A listaxe definitiva debe entregala en Vicedirección quen informará á Inspección, reservará o transporte, de ser preciso e incluírá a actividade ao calendario docente en liña e ao taboleiro da Sala de Profesores.

ALUMNADO PARTICIPANTE

A participación mínima de alumnado, para que a actividade se desenvolva, debe ser do 50% do total de alumnos/as do grupo que asisten regularmente, en caso contrario a actividade non se levará a cabo.

Nestas actividades non poderá participar aquel alumnado sancionado coa perda do dereito para participar nas Actividades Extraescolares e Complementarias, dacordo coas NOF

Aquel alumnado que teña algún parte pero non fose sancionado coa expulsión queda a criterio do profesorado que organiza a actividade a participación na mesma, previa consulta á persoa titora.

PROFESORADO PARTICIPANTE

O número de docentes acompañantes, de xeito xeral, establécese de 1 por cada 20 alumnos/as.

O profesorado participante será preferiblemente, por esta orde:

- Organizadores da actividade
- Persoas titoras dos cursos aos que vai dirixida
- Outros membros do equipo docente, atendendo ao criterio de relación coa materia impartida

ACTIVIDADES DENTRO DAS INSTALACIÓNS DO IES

No centro poderanse levar a cabo obradoiros e charlas, comunicando a súa celebración a Vicedirección e Xefatura de estudos coa mesma antelación que calquera actividade, coa indicación dos horarios e espazos a ocupar, respectando os aforos dos memos e consensuando os horarios co profesorado afectado, de ser o caso.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

De acordo coa ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de Decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docente da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado que se promova de curso con materias sen superar deberán seguir un PLAN DE REFORZO en cada unha das materias ou módulos destinado á súa recuperación e a súa superación. O modelo utilizado é o proporcionado pola inspección educativa de Pontevedra cos apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa á esta necesidade, adaptado á nosa realidade:

- a) Identificación do alumnado
- b) Resultados académicos do curso anterior
- c) Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual
- d) Plan específico de recuperación de cada unha das materias
- e) Criterios de cualificación
- f) Seguimento e resultados obtidos nos diferentes trimestres
- g) Información á familia do Plan personalizado. Serán os Departamentos os que decidan que docente se encargará de cada nivel (o que imparte a materia no curso pendente ou o que imparte docencia no curso actual). O plan de pendentes elaborado polo profesorado deberá seguir directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor e terá como referentes os obxectivos da materia a a contribución á adquisición das competencias. O plan debe ser deseñado na primeira quincena de setembro. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do Plan de reforzo e, de se-lo caso, realizaráselle as melloras que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizado o alumnado o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que establecen na normativa que regula a avaliación. En todo caso, para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no Plan de Reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e /ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

De acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o DECRETO 229/2011, do decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a Atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando o alumnado da ESO permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un Plan Específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares e as necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O modelo utilizado é o proporcionado pola inspección educativa de Pontevedra cos apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade, adaptado á nosa realidade:

- a) Identificación da alumna ou alumno
- b) Aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe
- c) Resultados académicos do curso anterior
- d) Actuacións e medidas de Atención á diversidade no curso actual
- e) Profesionais que participan no Plan específico de recuperación para o alumnado repetidor
- f) Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación negativa)
- g) Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación positivas)

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do Plan específico personalizado e, de ser o caso, relizaráselle as melloras que proceda. Ao final de curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Criterios xerais sobre procesos e procedementos da avaliación:

1. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas Programacións docentes.
2. A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá carácter formativo e será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, redactarase os criterios de cualificación de xeito claro e sen ambigüedade e explicaranse ao alumnado a comezos de curso.
4. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe
5. Utilizarase as sesións de avaliación para realizar propostas para a mellora dos resultados do alumnado.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Os Criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra serán os seguintes:

1. CRITERIOS XERAIS PARA A ESO:

1.1. As alumnas e alumnos que, logo da avaliación final do Cuarto curso obtivesen unha nota media de 4º Curso igual ou superior a 9 puntos poderán recibir a Mención de Matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse como máximo a un número de alumnos e alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente en 4º Curso. En todo caso, cando no centro docente o total do alumnado matriculado no 4º curso de ESO sexa inferior a vinte poderá concederse unha Mención de Matrícula de honra.

1.2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos Documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

1.3. Os criterios para a concesión das mencións de Matrícula de honra ao alumnado foron previamente acordadas e establecidas nesta concreción curricular do IES A Guía, cumprindo coa obxectividade e publicidade que procede a normativa vixente, concretándose como segue:

1.3.1. No caso de que o alumnado de 4º Curso cunha nota media igual ou superior a nove puntos sexa superior ao 5% do alumnado matriculado no centro de 4º curso, outorgarase a mención de Matrícula de honra ao alumnado coa nota media máis alta ata esgotar o número máximo de mencións.

1.3.2. No caso de existir empate, empregarase a nota media de 3º de ESO co mesmo criterio

1.3.3. No caso de persistir a situación anterior, empregarase a nota media do 2º curso de ESO

1.3.4. No caso de non ser suficiente, empregarase a nota media de 1º curso de ESO

2. CRITERIOS XERAIS PARA O BACHARELATO

2.1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do 2º curso, obtivese unha nota media do 2º curso igual ou superior a 9 puntos poderá recibir a mención de Matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas e alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado no centro no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total do alumnado matriculado no 2º curso de Bacharelato sexa inferior a 20, poderá concederse unha distinción de Matrícula de honra.

2.2. A obtención da mención de Matrícula de honra será consignada nos Documentos de avaliación da alumna ou do alumno-

2.3. Os criterios para a concesión das mencións de Matrícula de honra ao alumnado foron previamente acordadas e establecidas nesta concreción curricular do IES A Guía, cumprindo coa obxectividade e publicidade que establece a normativa vixente, concretándose como segue:

2.3.1. No caso de que o número de alumnado do 2º Curso cunha nota superior ao 5% do alumnado matriculado no centro no 2º Curso, outorgarase a mención de Matrícula de honra ao alumnado coa nota media máis alta ata esgotar o número máximo de mencións.

2.3.2. No caso de existir empate, empregarase a nota media do Bacharelato co mesmo criterio.

2.3.3. No caso de persistir a situación anterior, empregarase a mellor media das asignaturas troncais de 2º de Bacharelato

CICLOS FORMATIVOS

Os alumnos/as que obtiveran unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos, poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como

máximo de dous. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se podrá conceder unha matrícula de honra.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

A principios de curso, e dentro dos prazos establecidos pola Consellería de Educación, as xefaturas de Departamento das materias de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos presentarán cadansúa programación que constarán, como mínimo dos seguintes epígrafes:

ESO e Bacharelato: estrutura dos cursos impares(artigo 41.3 da Resolución do 26 de maio de 2022)

- a) Introducción
- b) Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- c) Relación de unidades didácticas coa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia, ámbito ou módulo que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación
- d) Metodoloxía
 - Concrecións metodolóxicas
 - Materiais e recursos didácticos
- e) Avaliación
 - Procedemento para a avaliación final
 - Criterio de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso de ESO e Bacharelato
- f) Medidas de Atención á diversidade
- g) Transversal
 - Concreción dos elementos transversais
 - Actividades complementarias
- h) Práctica docente
 - Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación

ESO e Bacharelato: estrutura dos cursos impares(artigo 41.4 da Resolución do 26 de Maio de 2022)

- a) Introducción
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
- e) Concrecións metodolóxicas
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar
- g) Criterios sobre a avaliación e a cualificación
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso
- j) Organización dos procedementos que permean ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso de Bacharelato
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e medidas individuais ou colectivas que se poudan adoptar como consecuencia dos seus resultados
- l) Medidas de atención á diversidade
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda
- n) Actividades complementarias programadas
- ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Os departamentos, mensualmente, e, con indicación do seu grao de cumprimento e, realizarán o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou módulo e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

As programacións incorporarán as propostas de mellora recollidas no curso anterior

Tanto as programacións como as memorias deben axustarse ao modelo aprobado pola CCP

Haberá unha programación por materia, nivel e módulo redactada en galego agás o Departamento de Lingua castelá

e literatura

Para a elaboración das dos cursos impares utilizárase a aplicación PROENS.

No tocante aos Ciclos Formativos as Programacións deben conter:

1. Identificación da programación
2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito productivo.
3. Relación e secuencia de unidades didácticas
4. Deseño de unidades didácticas
5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas
7. Procedemento sobre o seguimento da programación didáctica
8. Medidas de atención á diversidade
9. Aspectos transversais

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A comezos de curso o equipo directivo informará dos posibles Proxectos, Plans e Programas nos que pode participar o profesorado e o alumnado, Darase prioridade aos proxectos, plans e programas cuxa finalidade sexa a solución e/ou traballo naquelas problemáticas máis importantes sinaladas nas memorias do Departamentos e do centro dos cursos anteriores.

Unha vez analizados estes proxectos nos Departamentos correspondentes, comunicarán a súa disposición a coordinar e participar nos mesmos.

O equipo directivo promoverá a participación do centro en Proxectos, Plans e Programas informando ao Claustro daqueles que poidan ser do seu interese, facendo suxestións e propostas coa dinamización da Vicedirección ou da CCP, escoitando e favorecendo as propostas que fagan os membros dos Departamentos didácticos ou o profesorado a título persoal, procurando a participación da Comunidade educativa.

Seguirase o seguinte Protocolo:

1º Proposta motivada de participación do centro dirixida á dirección elaborada polo Departamento didáctico, profesorado.....

2º. Claustro ou CCP onde se informe e/ ou aprobe a participación polo profesorado e os Departamentos didácticos

3º Consello escolar onde se informe e/ou aprobe á Comunidade educativa

4º Elaboración da documentación e presentación da proposta, por parte das persoas coordinadoras, nos prazos que estableza cada convocatoria

5º Memoria final e informe de avaliación da participación dirixidos á dirección ao remate, de se-lo caso

Establécense os seguintes criterios xerais para a participación do centro en Proxectos, Plans e Programas:

1. Secuenciación e temporalización da proposta
2. Grao de participación da comunidade educativa
3. Lexislación aplicable. características e requisitos da convocatoria
4. Análise da organización e funcionamento da proposta
5. Liñas pedagóxicas e obxectivos a conseguir
6. Efectos sobre a convivencia escolar e a equidade na educación
7. Impacto sobre a participación e transparencia.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Anualmente revisarase a Concreción curricular, tendo en conta a Memoria Anual de Centro, que inclúe as Memorias de cada Departamento. Así mesmo, poderá ser revisada a proposta de membros da Comunidade educativa, comunicada no seo dos órganos colexiados (Claustro de profesorado, CCP e Consello Escolar)

Para a avaliación da Concreción curricular, proponse como indicadores de logro os seguintes:

- Resultados da avaliación do curso de cada unha das materias, por curso e grupo
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribución, no seu caso, de espazos e tempos á secuenciación de contidos e criterios de avaliación asociados
- Contribución dos métodos pedagóxicos e medidas de atención á diversidade aplicadas á mellora dos resultados obtidos.

A modificación da Concreción curricular realizarase a proposta dos representantes dos diferentes sectores da Comunidade educativa, trala avaliación da mesma segundo criterios mencionados anteriormente e sempre a comezo de cada curso xunto coa elaboración das Programacións de cada materia, módulo e nivel.

o) Outros apartados

1. ANPA E OUTROS ORGANISMOS

ANPA

No IES A Guia existe unha ANPA que non ten moita actividade no centro. Un dos obxectivos a conseguir sería que se constituíra e tivera unha participación conxunta como parte esencial de colaboración entre todos e todas